

historia que non fora nin explorada, nin escrita ata o momento: aquela que se refire aos comezos da librería universitaria, á súa situación nos momentos das reformas colexiais, á súa composición, fundamentalmente teolóxico-xurídica, ou a aquilo que os rectores do Colexio entendían como 'libros desexados'. É do caso sinalar que a coidada edición dos inventarios vai facer da monografía, tamén, un instrumento de consulta en relación co estudo da recepción e da apropiación das correntes culturais e ideolóxicas europeas nos específicos campos das artes, a teoloxía e o dereito, motivo éste que igualmente cómpre agradecer ao Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña.

Antón Costa Rico

CID FERNÁNDEZ, Xosé M. (2010): *Educación e Ideoloxía en Ourense na II República*. Ourense, Andavira Editora, 241 pp. (2ª edición revisada e ampliada).

Transcorridas xa moitas décadas desde o catastrófico final do período republicano (catastrófico polas consecuencias dunha cruenta guerra civil acompañada dunha salvaxe represión que se cebou especialmente nos corpos docentes a través do asasinato, a depuración ou o exilio e á que seguiu unha prolongada dictadura de case catro décadas) é hoxe un dos mellor coñecidos da nosa contemporaneidade. Período que motiva a continua publicación de traballos de temática variada, e referente obrigado para a comprensión dos procesos históricos que se desenvolveron na segunda metade da pasada centuria, nomeadamente na Transición, cuxas consecuencias chegan ata o presente.

Aquel novo tempo republicano, que se inauguraba grazas a un amplo apoio democrático, parecía anunciar un ilusionante proceso de modernización socioeconómica polo que viñan traballando desde había décadas, a prol da rexeneración política, os elementos máis lúcidos e comprometidos dunha élite intelectual apoiada por unha ampla base popular. Élite que, dun ou doutro xeito, estaba vinculada á *Institución Libre de Enseñanza*, como se comprobaría no cerne das posteriores iniciativas legislativas. Cumpría, deste xeito, emprender unha reforma do sistema representativo que rematara coa rémora do caciquismo e consolidara un sistema de partidos aberto á participación democrática; construír un novo modelo administrativo que dotara ao Estado de meirande eficacia e equidade, descentralizado e aberto a un novo modelo autonomista que arramblara co esquema das vellas rexións; artellar un marco moderno de relacións laborais que axudara a dinamizar o sistema produtivo e mellorara as precarias condicións das clases populares urbanas; emprender unha reforma agraria que satisfixera as demandas de terra no mundo rural e facilitara a racionalización e rendibilidade do traballo na agricultura, ou implantar un marco de relacións entre Igrexa e Estado que rematara coa tradicional alianza entre aquela e a Monarquía, e facilitara a impostergable secularización da sociedade.

E con respecto ao ensino, asentara un novo sistema que universalizara o acceso á educación e a cultura a través dunha política educativa secularizadora, cimentada na responsabilidade do Estado. Unha política que favorecera a alfabetización, garantira a escolarización pública, universal e laica baixo un modelo democrático; que dignifi-

cara o papel dos ensinantes, tradicionalmente ignorados ou maltratados por unha administración incompetente, cando non ausente. Baixo esas premisas, a educación tiña que ser o punto de arranque dunha nova sociedade que habería de modernizarse, europeizarse e desenvolverse recuperando un tempo valioso, malgastado ou perdido en liortas partidistas durante unha parte importante do século anterior. E os mestres tomarán como propio o compromiso de transformar o sistema a través da dimensión social da escola, contrarrestando a influencia do clero, denunciando os abusos da rede caciquil, e espallando o novo maxisterio desde as aulas, e mésmo fóra delas. Como referentes morais dos novos valores baseados na participación democrática, na igualdade de oportunidades, na liberdade de conciencia e no poder da razón.

Tempo, pois, de inminentes reformas como requería o estado de emerxencia social que se vivía. Reformas normativas que os ensinantes dos diferentes niveis abrazaron esperanzados en todos os recunchos do Estado, inaugurando un tempo de efervescencia intelectual cunha alborada que había de rematar de xeito dramático o verán de 1936. E dese tempo, desas reformas e do seu sustento ideolóxico trata o traballo do profesor Xosé Manuel Cid Fernández *Educación e Ideoloxía en Ourense na IIª República*, editado por Andavira Editora. Tempo de reformas que, como sinala o autor, a pesar da particularidade do seu medio rural e das esixencias sociais, educativas e culturais requiridas pola especificidade galega, seguiu as grandes liñas trazadas a nivel estatal polo Ministerio de Instrucción Pública. É por iso que o libro comeza facendo refe-

rencia ás grandes correntes educativas, políticas e ideolóxicas que desde o nivel estatal orientaron a reforma, como foron o liberalismo, o institucionalismo e as ideas educativas do socialismo histórico.

Educación e Ideoloxía en Ourense na IIª República é un traballo sólidamente documentado que ven de publicarse nunha segunda edición, revisada e ampliada, dando continuidade á inicial de 1989, que tiña a súa orixe na tese de doutoramento defendida dous anos antes, en marzo de 1987. Nesta revisión, Xosé Manuel Cid achega o resultado que dá continuación a aquela primeira entrega, pois durante este tempo, seguiu a investigar e a publicar diversos artigos e traballos que conforman esta segunda edición e que conta, ademais, cun prólogo do falecido profesor Herminio Barreiro, que substitúe ao redactado para a edición anterior.

Cid Fernández conserva a mesma estrutura nesta nova entrega onde volven a estar presentes os capítulos relativos á situación do maxisterio ourensano, á evolución do movemento pedagóxico de vanguardia, á xuventude, especialmente os estudantes de maxisterio, “sensibles tamén aos problemas da etapa republicana, ao trasfondo político que incidía no sistema educativo”; ás asociacións profesionais durante a República, a prioritaria defensa do laicismo no ensino e a confrontación entre as diferentes posturas; a política educativa republicana e o posterior proceso de depuración. Todos estes apartados foron coidadosamente revisados e postos ao día, en especial en todo o relativo ao proceso de depuración e represión do maxisterio primario en Ourense do que nos achega un estudo máis completo e detallado. Resalta, neste apar-

tado a exhaustiva información que se presenta respecto da depuración, por comarcas e concellos, na provincia de Ourense.

A eles engádese un capítulo inédito sobre a revista profesional e sindical do maxisterio ourensano nacida en 1932 co nome de *Escuela del Trabajo*, substituída despois polos de *Escuela de Trabajo*, e *Boletín de la A.T.E.O.* (Asociación de Trabajadores de la Enseñanza de Orense) “unha asociación vangardista con presenza en toda a provincia, e con capacidade para influir na reforma da política educativa e na renovación da práctica escolar”, como sinala o autor. Cid recolle, así mesmo un completo catálogo de colaboradores do interesante *boletín* da ATEO, desaparecida coa guerra civil, en xuño de 1936. Ou a sección de Anexos, que xa figuraba na primeira edición e que permite aos investigadores acceder directamente ás fontes documentais. Nesta edición aparece sensiblemente ampliada e moi elaborada non só no texto do libro, no que se recollen abundantes achegas fotográficas, senón grazas, sobre todo, ao CD que o acompaña.

Xosé Manuel Cid Fernández, profesor titular da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo no campus de Ourense, que estende o seu traballo a outras ramas da educación máis alá da historia (véxanse o seu labor no campo da educación social, da renovación pedagóxica, da educación para a paz, do asociacionismo profesional docente, da prensa escolar, da memoria republicana) achéganos, coa revisión deste traballo, una peza valiosa ao conxunto de outros que se veñen publicando nos últimos anos sobre a memoria histórica. *Educación e Ideoloxía...*, en particular, axuda a compren-

der as correntes de pensamento que deron lugar aos diferentes posicionamentos; aos debates entre as diferentes posturas, ás iniciativas que se foron promovendo, ás dinámicas asociativas durante aquel período, curto pero intenso, que Cid focaliza en Ourense. E como el mesmo afirma na presentación, pretende ser unha lembranza e unha homenaxe aos mestres republicanos desde dúas dimensións espaciais. No plano local, deténdose nos casos individuais, nas biografías sobranceiras ou que foi posible reconstruír; e no plano xeral de todo o maxisterio republicano, en tanto que partícipes dun proxecto común de loita sincera pola transformación da realidade educativa e social.

Tomando unhas palabras do profesor Herminio Barreiro no Prólogo deste libro, en moitas das páxinas de *Educación e Ideoloxía en Ourense na IIª República* hai unha intención explícita, ou quizáis soterrada, de ler a experiencia republicana ourensá dunha maneira moi presentista. É como se tratara de nos convidar permanentemente a ler esa mensaxe desde a nosa propia realidade de ensinantes ou de testemuñas do ensino; como se quixera transmitirnos a importancia cardinal do ensino en tanto que práctica social de primeira orde. Ou sexa, Cid pretende darnos a entender que debemos aprender esa lección histórica.

Atrevémonos a engadir ás palabras de Herminio Barreiro que non só se trata de aprender a lección daqueles mestres ilusionados e tremendamente activos no compromiso social da escola, senón tamén transmitila aos nosos alumnos a alumnas, amosándolles a cada vez máis necesaria vixencia do compromiso dos vellos republicanos cun tempo novo que

quizáis estea pronto a chegar. Esta semente ser a Intención de Xosé Manuel Cid ao nos presentar un instrumento moi acaído para explicar o que aconteceu nun escenario que se abría á ilusión de moitos mestres

e mestras, “misioneiros pedagóxicos” comprometidos co seu labor e co seu país.

*Xosé M. Malheiro Gutiérrez
Universidade da Coruña
Dpto de Pedagogía e Didáctica*